

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE ACTUACIÓN DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2017

Nº DE PROTOCOLO(\*)

RRFF 2017 115 12/15/011/110417/006

(\*) A encher polo SXEA

#### 1.- ACTUACIÓN PROPOSTA

Caracterización morfolóxica e multiplicación de novas variedades de cebola (*Allium cepa*) de Galicia.

#### 2.- ENTIDADE SOLICITANTE

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Enderezo: Estrada Betanzos-Mesón do Vento Km. 7,5 San Tirso de Mabegondo

C. Postal: 15318

Concello: Abegondo

Provincia: A Coruña

Tfn: 881881801

Fax:

Correo electrónico: manuel.lopez.luaces@xunta.es

#### 3.- XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN PROPOSTA

No ano 2014, fíxose dende o CIAM unha prospección de material vexetal de cultivares tradicionais de horta galegos. Entre todas as novas accesións, houbo 10 variedades ou ecotipos de cebola. No ano 2016 levouse a cabo a actuación CIAM/01/2016 da submedida M10.22, na que se fixo un estudo morfolóxico das novas variedades, mediante a súa caracterización fenotípica, así como a posterior selección para a multiplicación de semente.

Ano 2017:

Unha vez caracterizadas as novas variedades, é necesario facer a multiplicación de semente, para a súa posterior conservación no banco de xermoplasma do CIAM, así como completar a caracterización.

#### 4.- OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Ano 2017:

No ano 2017, farase a multiplicación das variedades, xa que a cebola é unha planta bianual, que produce os órganos reprodutores no segundo ano de cultivo, despois de pasar un período de frío en cámara. A semente obtida, conservarase no banco de xermoplasma do CIAM, para posteriores ensaios agronómicos. Tamén se completará a caracterización das variedades.

## 5.- METODOLOXÍA

### Ano 2017:

No ano 2017, os bulbos seleccionados e conservados en cámara, transplantaranse a parcelas individuais, convenientemente ailladas do resto, para a obtención de semente.

O cultivo farase no exterior sobre acolchado, sendo necesario entutorar o cultivo para evitar o encamado das inflorescencias. Os tratamentos e prácticas culturais serán as habituais do cultivo.

Neste periodo, farase a caracterización de planta e de flor, empregando os descritores correspondentes da UPOV e do IPGRI. Unha vez que as inflorescencias estén completamente desenvoltas e a semente formada, colleitaranse estas inflorescencias para o seu secado e posterior trillado.

A semente así obtida, pasarase a conservar no banco de xermoplasma do CIAM. Esta semente empregarase como base para a futura caracterización agronómica das variedades.

## 6.- PLAN DE DIVULGACIÓN

### Reunións:

Ano 2017

### Cursos:

Ano 2017

### Demostracións:

Ano 2017:

Cando se establezan campos para a caracterización agronómica das variedades, poderanse organizar campos demostrativos para os centros de formación agraria, GDR, cooperativas e asociacións que así o requiran.

### Publicacións:

Ano 2017:

A partir dos resultados obtidos, poderanse facer artigos divulgativos cos datos das novas variedades.

### Outras:

Ano 2017:

Poderase facer a difusión de estas novas variedades a través de programas de temas agrarios da CRTVG ou de outras cadeas, así como tamén da prensa escrita.

